

ABAU 2022
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo **Aula Regia** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Institución creada en época visigoda que facía as funcións de Consello real. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Tiña carácter consultivo e asesoraba á monarquía nos principais asuntos de goberno. -Os seus membros pertencían á aristocracia e eran designados polo rei. Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Outras funcións que tiña eran elaborar leis e impartir xustiza, ademais de designar aos propios reis. -A monarquía visigoda tiña carácter electivo polo que mantiña unha dependencia moi intensa respecto das familias nobiliarias. -Desenvólvese entre os anos 507 e o 711. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Marca Hispánica** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Fronteira creada polos francos ao sur dos Perineos para frear a expansión musulmá. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Eran núcleos de resistencia cristiá fronte Al-Andalus.

	-Foi creada por Carlomagno a finais do s.VIII e ía desde Pamplona ata Barcelona. Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Á fronte dos mesmos os reis francos designaron condes, uns de orixe franca e outros autóctonos, que actuaban como vasallos seus. -Cando se independizaron deron lugar aos reinos de Navarra e Aragón. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Valido** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Persoa da máxima confianza do rei en quen este delegaba os seus poderes ata o punto de entregarlle a dirección do reino. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Nunca foi un cargo oficial dado que unicamente servían ao rei mentres este tiña confianza na persoa escollida. -Moitos deles utilizaron o poder no seu propio beneficio e o das súas familias e achegados. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -A súa aparición no foi un fenómeno estritamente español senón que se xeneralizou no século XVII por varios países europeos. -Foron coñecidos cos nomes de “favorito” ou “privado”. -Nomear algún dos principais validos, como por exemplo o duque de Lerma con Filipe III ou Olivares con Filipe IV. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Motín de Esquilache** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.

Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Levantamento popular que tivo lugar en Madrid durante o reinado de Carlos III. Foi froito da oposición as medidas impulsadas polo ministro real Esquilache. -Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -A orixe do conflito foi o descontento pola subida do prezo do pan provocada por malas colleitas e a especulación. -Desenvolveuse nun contexto de malestar popular por outras medidas reformadoras do momento. -As medidas pretendían mellorar a limpeza urbana e a iluminación da cidade. -Entre as medidas figuraban algunhas prohibicións: uso de capas longas, sombreiros de ala ancha ou xogos de azar. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Tivo lugar en 1766. -A situación foi aproveitada por grupos nobiliarios e eclesiásticos contrarios á política de reformas. -A revolta tivo como consecuencia a caída de Esquilache e un xiro no programa reformista, emprendido agora por ministros españois. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada .

Definición do termo **Tratado de Valençay** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordo de paz asinado nesta cidade francesa que pon fin á guerra da Independencia (1808-1813). Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Napoleón recoñecía a Fernando VII como rei de España e as Indias. -Ao seu regreso Fernando VII restableceu o absolutismo. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Ambos países comprometíanse a devolver as prazas e terras ocupadas durante o conflito. -Fernando VII comprometíase a respectar os dereitos dos afrancesados pero non o cumpríu. -Este tratado non entrou en vigor porque non foi recoñecido nin pola

	Rexencia nin polas Cortes. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	---

Definición do termo **Estatuto Real** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Carta outorgada por María Cristina de Borbón. -Datada na terceira década do século XIX, durante a rexencia provocada pola minoría de idade de Sabela II -Tratábase, en realidade, dunha convocatoria a Cortes. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Datado na época da rexencia (1833-1840). - Impuxo un réxime no que o rei mantiña importantes cotas de poder. - Foi redactado a instancias de Martínez de la Rosa, liberal de signo moi moderado. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Promulgouse en 1834 e estivo en vigor ata 1836. -O seu carácter conservador provocou o rexeitamento da maior parte dos liberais. -Non satisfizo aos absolutistas, que seguiron apoiando o carlismo. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **FAI** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Federación Anarquista Ibérica, organización creada durante a ditadura de Primo de Rivera. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Creouse clandestinamente en 1927 e tratouse da corrente máis radical do anarquismo. -Pretendía establecer o anarquismo libertario a través da acción directa.

	-Outros métodos utilizados foron a folga xeral e a insurrección armada. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Durante a Segunda República tivo un gran número de afiliados. -Os seus enfrontamentos internos acabaron por debilitada, o que influíu na crise da República. -O seu líder máis destacado foi Durruti. -Trala guerra civil disolveuse. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Lexión Cóndor** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Aviación enviada pola Alemaña nazi en axuda dos sublevados (bando franquista) durante a guerra civil. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Constituíu unha ferramenta fundamental para a vitoria franquista. -Hitler empregou a guerra civil española como banco de probas para a próxima guerra mundial. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Esta axuda supuña saltarse os acordos do Comité de Non Intervención. -Esta axuda pagaríase con minerais e outros produtos unha vez rematada a guerra. -É responsable, entre outros, do bombardeo de Guernica, no País Vasco. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.

Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Comparación dos principais trazos definitorios do Neolítico e o Paleolítico, incidindo especialmente na economía, a tecnoloxía aplicada, o tipo de hábitat, a organización social, as expresións culturais... -Facer algunha referencia explícita ao Neolítico na Península Ibérica. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: Os pobos prerromanos da Península Ibérica (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: - Principais características das culturas peninsulares existentes na Península durante a Idade do Ferro: a) <u>pobos do sur e do Levante</u> (Tartessos e iberos) b) <u>pobos meseteños</u> c) <u>pobos do norte e do occidente</u> (referencia explícita aos trazos esenciais da cultura castrexa) Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos
(ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta. -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A crise demográfica e económica: principais evidencias e causas explicativas. -A postura dos privilexiados respecto da crise. -Obxectivos do programa político de Olivares e principais reformas propostas: a Unión de Armas. -A crise da monarquía (revolta de Cataluña e rebelión de Portugal) Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A causa explicativa da guerra de Sucesión. -Configuración e apoios dos bandos enfrontados. -Os acordos de paz e as súas consecuencias máis relevantes. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.

Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: **A construción do estado liberal** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco. A resposta é unha paráfrase dos documentos. A resposta contén xeneralidades sobre a época.
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema, Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: básica e expresión demasiado simple.
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto: -Contextualizar o tema presentado na maioría de idade de Isabel II. -Citar os principios esenciais do liberalismo político (soberanía nacional, división de poderes, dereito ao sufraxio...) -Referenciar as dúas correntes básicas do liberalismo (doutrinaria e democrática) e as principais familias políticas (moderados, progresistas e demócratas). -Indicar a preferencia da monarquía polo liberalismo moderado. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.
Notable (entre 3,5 e 4,4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións) -Explicar as principais diferenzas ideolóxicas entre moderados, progresistas e demócratas nomeadamente no que respecta ao concepto de soberanía, o sufraxio, o papel da Coroa, o recoñecemento de dereitos e as relacións Igrexa /Estado. -Facer referencia á sucesión de etapas rexistrada no período (década moderada, bienio progresista e gobernos unionistas) sinalando algunha das medidas máis significativas adoptadas e os líderes principais das diferentes correntes. -Subliñar o papel do exército na vida política do período (presenza constante de militares no poder político e protagonista de pronunciamentos)

	<p>nomeando algún dos protagonistas máis destacados.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relaciónase de xeito explícito o contido do documento 1 coa corrente liberal moderada no que se refire ao concepto de soberanía compartida. -Relaciónase de xeito explícito o contido do documento 2 coa corrente liberal progresista e a súa defensa da soberanía nacional. -Relaciónase de xeito explícito o contido do documento 3 coa corrente liberal democrática. <p>Redacción: correcta e texto coherente.</p>
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Afondar noutras diferenzas ideolóxicas entre moderados, progresistas e demócratas (por exemplo: relación entre administración central e local, modelo de exército, sistema impositivo, modelo económico, orde pública...). -Explicar as principais características da constitución de 1845: sistema bicameral (Senado de designación real e Congreso electivo), sufraxio censatario (restrinxido aos propietarios e maiores contribuíntes), confesionalidade católica do Estado. -Afondar nos principios progresistas recollidos nas constitucións citadas directa ou indirectamente nos documentos (1812, 1837 e non nata de 1856). -Subliñar a exclusión dos demócratas do xogo político pese a contar cunha base social cada vez máis ampla, o que explicará o seu papel protagonista na revolución de 1868. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilízase o contido do doc.1 para subliñar a identificación dos moderados cos intereses dos grupos sociais oligárquicos dominantes (facer as mínimas reformas posibles :“acomodar os antigos foros”/ evitar conflitividade social e política: “escándalos e trastornos”) -Coméntase a defensa que fan os progresistas de liberdades restrinxidas ao ter que ser compatibles coa monarquía constitucional (doc.2) -Saliéntase a corrupción política da que participa o partido progresista como xustificación da aparición do partido demócrata/ Incídese na identificación entre democracia e liberdade (doc.3) <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>

Composición histórica: **A crise de 1917** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco.</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época.</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos.</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica.</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>

<p>Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)</p>	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
<p>Aprobado (entre 2,5 e 3,4)</p>	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto. - Facer unha referencia básica á crise de 1917 e os seus compoñentes principais: crise militar, política e social. - Subliñar a descomposición do sistema de xuntas. - Sinalar a quebra do réxime da Restauración tras o desastre de Annual. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.</p>
<p>Notable (entre 3,5 e 4,4)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións) - Explicar a crise política: a clausura das Cortes e a convocatoria da Asemblea de Parlamentarios polo líder da Liga Rexionalista catalá. - Sinalar algunha característica da folga xeral de 1917. - Explicar algunha das consecuencias sociais e políticas da conflitividade: a expansión do pistolerismo, a descomposición dos partidos dinásticos, gobernos de concentración... - Referirse a algún aspecto da evolución da guerra de Marrocos: o protectorado español, a guerra no Rif, a derrota de Annual e o seus efectos Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): - Utilízase o texto para subliñar a intención dos políticos rexionalistas de elaborar unha nova Constitución e de darlle un carácter federal por consideralo máis axustado á realidade política española (doc.1) - Faise fincapé no papel das organizacións obreiras (UXT, CNT) como impulsoras das reivindicacións do proletariado e na súa consideración da folga xeral como o principal medio para acadar os seus obxectivos (doc. 2) - Coméntase a desorganización que presidiu a retirada do exército español en Annual e os factores que levaron a identificar o episodio como un desastre (doc.3). Redacción: correcta e texto coherente.</p>
<p>Sobresaliente (entre 4,5 e 5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións) - Sinalar a importancia do contexto internacional na xestión da crise (Primeira Guerra Mundial e os seus efectos). - Facer referencia a outras vertentes da crise: a crise militar e a creación das Xuntas de Defensa. - Valoración xeral da problemática analizada. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos) - Resáltase que os promotores da Constitución federativa eran parlamentarios que se reúnen en Asemblea e defenden as súas ideas mediante un Manifesto (doc.1). - Incídese no incumprimento das promesas de reforma económica que están na base do descontento dos traballadores (doc. 2)</p>

	<p>-Subliñase a procedencia do documento -o expediente Picasso- para sinalar a súa condición de texto elaborado por unha comisión militar de investigación a instancias das Cortes (doc. 3)</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
--	--

Composición histórica: **A política económica do franquismo** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco.</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos.</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época.</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica.</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica.</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto.</p> <p>-Explicar os obxectivos da autarquía (autoabastecemento nacional, intervencionismo do Estado) e as súas consecuencias (escaseza de produtos básicos e o seu encarecemento).</p> <p>-Incidir no “desarrollismo” dos anos 60: a liberalización económica, os seus obxectivos e as liñas mestras do programa.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)</p> <p>-Referir as outras etapas da política económica franquista e os seus trazos esenciais: a liberalización económica dos anos 50 e a crise económica sufrida a partir de 1973.</p> <p>-Afondar nos factores que influíron no crecemento económico dos anos 60 (plans de desenvolvemento, turismo, emigración, investimento estranxeiro...)</p> <p>-Facer un balance dos efectos económicos do “desarrollismo”.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <p>-Faise fincapé no intervencionismo estatal na economía e no contexto político do período a partir da data do doc.1.</p> <p>-Coméntanse as necesidades da economía española a principios dos anos sesenta (doc. 2)</p> <p>-Utilízanse os datos da táboa para subliñar o cambio nos hábitos de consumo da sociedade española que permitiu o incremento da produción nacional de electrodomésticos (doc. 3)</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente.</p>

<p>Sobresaliente (entre 4,5 e 5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Afondar na relación existente entre a evolución económica e a política franquista (illamento dos anos 40, recoñecemento do réxime no contexto da Guerra Fría -Pacto de Madrid-, goberno dos tecnócratas, problemas do tardofranquismo). -Facer referencias explícitas a varias das medidas concretas desenvolvidas en cada etapa (p.ex. Plan de saneamento da economía, Lei de Protección e Fomento da Industria Nacional, creación do INC, ingreso no FMI, creación dos Polos de Desenvolvemento Industrial e dos Polos de Promoción Industrial...). -Comentar os efectos sociais, demográficos, culturais, ecolóxicos... do “milagre español”. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Utilízanse fragmentos do texto para incidir nos obxectivos do INI: desenvolver a industria militar para garantir a defensa do país, ofrecer oportunidades de negocio ao capital español como medio de fomentar a autarquía (doc.1) -Incídese na orixe do documento: un informe da OCDE sobre a economía española (doc. 2) -Afóndase nalgúns dos datos que figuran na táboa, como a diferenza entre a situación de partida (predominio da produción de lavadoras e radios) fronte á realidade dos setenta (maior produción de frigoríficos e televisores) o que indica a progresiva mellora do equipamento dos fogares españois (doc. 3): <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
---	--